


Núm 113

Tomo 10

nóis



CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso P. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Horas, 20—SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 "
Número solto	0'70 "

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente sometidos pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

MANUEL MURGUIA, 17 DE MAIO DE 1833 - 17 DE MAIO DE 1933.

* * * pol-a REDACCIÓN.

TRADUZÓN GALEGA DAS XEÓRNICAS DE VIRXILIO, por A. GOMEZ LEDO.

ESCUDOS DE RIANXO, por CASTELAO e BOUZA-BREY.

ENSAIOS ENCOL DO ESTILO DA PAISAXE, por R. OTERO PEDRAYO.

INVESTIGACIÓNS ETNO-MORFOLÓXICAS ANTRE A POBOACIÓN DO RIVEIRO DE AVIA, por MODESTO LOPEZ TEJEIRO.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárgos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense 17 de Maio do 1933 ★ Núm. 113

MANUEL MURGUÍA

HISTORIADOR DA NACIÓN GALEGA

17 DE MAIO DE 1833

17 DE MAIO DE 1933



«Iste nome musical e cheo de lembranzas, Manoel Murguía —dicíamos en Febreiro de 1923, na data loitosa da morte do derradeiro Precursor— ten pra nós un outo simbolismo... Cando nos anos mornos, longos e tristes da segunda metade do século XIX, Galiza esvaíase na uniformidade artificial da vida hespañola, foi Murguía quen sostivo a concencia eterna da Raza e da Terra. Soupo ouvir o Sapaio dos piñeirais nativos, a vos calada da Tradición, abriu o peito á esperanza, non se domeou diante de doentes xenreiras, Patriarca cáxegue lexendario do Pobo Galego, no camiño da súa nova Era.»

«N-unha época de difísle información, chea de dificultás pr'o investigadore, soupo atopar pol-o menos as grandes vibracións da vida primitiva de Galiza, conservadas na Tradición e na Lenda; sintiu a irmandade das Familias Céltigas aninadas nas beiras do Atlántico; percorreu coma pudo os cons escondidos da nosa Terra, tendo por rara xuntanza, o talento analítico do erudito, e o sentimento sintético do escritor que vé a Paisaxe, a Raza e o devalar do Tempo.»

«...Murguía viviu na súa i-alma e nos seus escritos a Epopeia da Raza Galega, en lembranza do que foi e en prefiguración do que ha ser.»

Isto, que dicíamos en 1923, cando perdemos ao Mestre, é o que Manoel Murguía ha ser de cote pra nós: o historiador e o profeta de Galiza.

Murguía, nado en 1833, un dos anos típicos do Romanticismo, que foi despois de todo o movemento qu'espertou ás nacionalidades asoballadas, desfiguradas pol-o imperialismo clásico, fose il de pretenso dereito divino, fose revolucionario, foi diante de todo, un apaixonado patriota galego. O amor euraqueado, exasperado á Galiza auténtica, enxebre, galega, foi o que fixo d'il un investigador e un erudito. Erudito e investigador, coma todos os galegos, autodidacto, sen mestre, sen precedente, sen mdís guiceiro qu'o sen talento formidábele e o sen seguro e atinado senso das cousas. Somentes o seu patriotismo invencíbele, insobornábele, coma din agora, cando tantos se deixan doadamente sobornar, pudo darlle forza pra o inxente emprendimento qu'acometeu, verdadeira obra de gran estilo, chea d'espíñentas e doorousas dificultades.

Teñamos en conta sempre que Manoel Murguía foi na súa mocidade un escritor romántico, un novelista, un crítico, un periodista de nome, de maior porvín aínda, sen especial adicación á Galiza, que conquireu moi novo un posto relevante no mundo literario de Madride, espellismo que tantos inxenios nos roubou e aínda sigue roubando; que foi aló un triunfador, ganador de sona e de cartos. E que chegou un instante de crise espiritual —tendo ollado o valeiro de toda a súa vida e de toda a súa obra deica entón— en qu'o deixou todo pol-o servizo da súa patria úneca e verdadeira. Consideremos iste troque eixemprar na vida do Mestre, que á todo galego merecente de iste nome se lle presenta coma espello, e terémos

que gracias á il foi Murguía pra nós o que foi.

Chegon aquíntre, e Murguía decatouse de que o único que había que facer era erguer á Galiza e levala ao conqurimento cumprido do seu futuro. Isto indicaba tamén un fito politéco; máis coma os pobos sementes o son pol-a Tradición, e coma sementes na vivenza do seu pasado poden coller concencia de si mesmos, Murguía fíxose historiador.

Foi historiador por patriotismo; pol-o tanto, historiador apaixonado. Mais enténdase ben: apaixonado, mais non infiel, mais non disimulador da verdade. Contra do qu'algús supuxeron, Murguía foi de cote un historiador honrado, perfectamente honrado; endexamáis fixo unha afirmanza gratuita, unha conxectura sen base, nen presentou nunca o suposto coma cousa probada e certa.

Foi historiador por patriotismo, e coma historiador o combateron, os d'afora e os d'equí, que por disgracia, sempre tiveron antre nós os alleos mercenarios grauitos, aduladores arrastrados e servíles, e desleigados sen concencia que dixeran co-íles.

E ao cabo dos anos, van saíndo as suas: a investigación actual, fornecida con armas novas, con perfeizoados istrumentos e meios de traballo, con máis fonda coñecencia do que se fai pol-o mundo adiante, vai confirmando unha por unha as teses fundamentais de Murguía, e deixando no ridículo aos seus contraditores. Contraditores que, se os imos vendo un por un, os propios e os alleos, veremos que resultan todos antigalegos.

Coma o pasado e o presente d'un pobo non se pechan no que ordinariamente se comprende por historia, ademáis d'historiador, Murguía, empeñado n-unha reconstrución cumprida da nosa persoaalidade nacional, foi tamén etnógrafo e folklorista, e crítico e historiador da arte e da literatura galegas. Foi o Precursor de todas estas cousas antre nós, e en todas elas deixou normas e téses que son pra nós guieiro e plan de traballo.

E por riba de todo, deixounos a fé inmorrente na superioridade da Raza galega e no seu íntimo afastamento de todas as da Península. Cedís o máis valioso do que nos deixou, seña iste convencemento de sermos outra cousa que todo o que nos arrodea.

E NÓS non ten nada máis que dicir n-esta ocasión solemne do Centenario do Gran Precursor. Coidamos que os nove volumes que levan saído d'iste boletín, e o décimo qu'anda saíndo, constitúen de por sí, coma continuación² que son das suas directivas, das suas inquedanzas, das suas curiosidades, dos temas que nos deixou prantexados ou que sinalou á nosa investigación, máis que nada, da sua idea, da sua adicación escrusiva á Galiza, son xa de por sí un homaxe continuado á lembranza eterna de Murguía. E non coidamos que se poida facer nada millor na sua honra, qu'isto de levar adiante a sua intención, da que por termos recollido sempre os traballos que verdadeiramente continúan a obra do² Mestre no verdadeiro senso qu'il lle quixo dar, sen desviamentos nen trabucamentos nen recuadas de ningunha caste nos, consideramos os máis auténticos repersentantes



Traduzón galega das Xeórxicas de Virxilio

Por AVELINO GÓMEZ LEDO

LIBRO PRIMEIRO.—AGRICULTURA

I

(Indicación da materia e invocacións)

Que cousa fai barilesas anadas;
baixo que estrela se han de arar as terras,
Mecenas, i-entrabar nos paus as vides;
que coidados aos bois lles cómpren; cales
son os meios pra ter facenda, e a boa
man que precisan as abellas parcas,
ora a cantar comezo.--¡Ouh, vos, fulxentes
fachós do mundo que guiades a nao
esbarante no ceol ¡Ouh, Baco e Ialma
Ceres, se a terra pol-a vosa axuda
as landras caonias en espigas
estoupantes trocou, e as aquelodas
augas co celme misturou das uvas!
E vos, ¡ouh Faunos, númenes amigos
dos labregos; e vos, nenas driadas,
tecede xuntamentes cos do Fauno
o voso pé, que os vosos dons eu canto!
E ti, Neptuno, tí, por quen a terra,
ferida co tridente forte, o potro
relinchando paríu. E ti, que habitas
nos soutos onde en Cea ves trescentos
albós xuvenços pastizar nos prados.
E ti mesmo, deixando o souto e fragas
do Liceio, tí, Pan, pastor de ovellas,
se che importa o teu Ménalo, me axuda;
e ti, Minerva, da oliveira autora,
e ti, rapaz, do combo arado mestre,

e ti, Silvano, que un alciprestíño
levas collido pol-a raiz; e todos
deuses e deusas que amparades o agro,
e facedes crecer prantas valdeiras,
e dende o ceo mandades chuvias largas!
E ti tamen, ¡ouh César! quer que logo
te alccontres antre os deuses; ou cibdades
che pete protexer, ou ter coidado
das terras; ou que o máisimo dos orbes
te acolla cal dador das abundanzas
e rei dos tronos, circundando as tuas
senes co mirto maternal: ou queiras
reinar sóbor dos mares pra que soilo
a ti che pregue o mariñeiro, e a Tule
derradeira che rinda os seus homaxes,
e por xenro te merque pra si Tetis
con todo o seu caudal de augas; ou nova
estrela briles nos serodios meses
n-aquil punto do espazo antre a Erigone
e as Quelas (onde o mesmo ardente Escorpio
encolle os brazos pra deixarche sitio)
Tí, sexas o que sexas (poil o Averno
por rei non te verá, nin ti un degoiro
tan fero abrigará, pois mais que a Greza
nas campías Eliseas admire,
e anque non faga caso a Proserpina
de seguir tras da nai) faime doada
a empresa e non te opoñas aos meus pulos;
compadescido do labrego vente
connigo pol-os viciros que il ifiora
e dende eiquí premite os nosos pregos.

ESCUDOS DE RIANXO

Por CASTELAO e BOUZA-BREV

Rianxo, vila marifeira inzada de pazos, criada á soma do Señorío do grande poeta «Almirante do Mar», viu un día de diviño agoiro abrir no seu seo a fror verdegada dos ollos de Castelao.

O Artista cheo de ilusión diante de todo o enigmático e xeroglífico, foi no vagar das craras seráns arousanas apañando no seu lapis, como biobardos n-un meio-



(Figura 1)
Rianxo - Plaza
Casa de Martelo



(Figura 2)
Rianxo - Plaza
Casa de Martelo



(Figura 3)
Rianxo - Calxón da ribeira
Casa de Martelo



(Figura 4)
Rianxo - Campo de Cartas
Finca de Martelo



(Figura 5)
Rianxo - Campo de Cartas
Finca de Martelo



(Figura 6)
Rianxo - Rúa do Hospital
Casa de Aguirre



(Figura 7)
Rianxo - Rúa do Hospital
Casa de Aguirre

mundo, os blasóns comestos pol-o ár salgado das casas fidalgas. E gardou na gaveta o deseño das vellas pedras, algunhas perdidas xa dende aquela.

O Artista ofrecéu a súa obra ó «Seminario de Estudos Galegos» pra ilustrar

no futuro as investigacións heráldicas e xenealóxicas e hoxe aparecen eiquí en homeaxe ao Petrucio que soerguén os dereitos de Galiza ao longo dos camiños históricos.

N-os apuntes de Castelaio aparez o mesmo espírito constructivo e creador que bule no autor dos «Cruceiros da Bretaña»; o mesmo miúdo análise do que concorre

IHS·X·P·ESTASCASASHIZOGONCALOFERNANDEZDE
BASTONIALDARAGOMEZABRANTEZSYMVGER

1565

(Figura 8) Rianxo - Rúa do Hospital. Casa de Aguirre



AQVHASE D DBASFN VI
AR COS ZO LA
FR QV HI EST CAPEL Aº
75 REY DCAR OS II Y DAVE
GIRONARCOB PDS ATAGO
MVRIO A BL MES D Aº

(Figura 9) Rianxo - Eirexa - Capela do Nazareno



(Figura 10)
Rianxo - Rúa d'Abaixo
Casa de Cambeses

co seu lápis-cumial, seu lápis-píncaro en axuda da reconstrucción da nosa Galiza, decatándose do momento de recobración porque a Patrea atravesa.

A fase centifista de Castelaio deriva xa dos tempos da visita aos mosteiros bernardos de Armenteira e de Acebeiro e atravesando os motivos idealizados aínda máis do Pórtico da Gloria chégase á obra esperada de cote en col dos cruceiros galegos.

Os escudos de Rianxo son un tributo do Castelaio aboiado pol-as rúas laxadas do seu pobo natal ao ambiente emotivo da vila pescantina. Ben sei que Castelaio olla en eles ás figuras da súa nenés, da súa mocidade... O barbeiro profundador, os



(Figura 11)
Rianxo - Rúa do Medio



(Figura 13)
Rianxo - Rúa d'Abaixo
«Casa de Miranda»



(Figura 14)
Rianxo - Rúa d'Abaixo
«Casa de Miranda»

marifeiros tirados de un apostolado barroco, a tola do monte, a propia que levaba os recados á outra banda do mar.

Pro tamén o Castelaio poeta, o Castelaio pantasmal, crea somas sob de cada brasón. Xurden, pois, na soedade da praza rianxeira as figuras evocadas pol-a heráldica que íredes lendo: O poeta Paio Gómez Charriño, Señor de Rianxo, mostra no solar do Señorío os escudos que os que de él veñen puxeron (números 1, 2, e 3) cas armas dos Charriños, Aldaos ou Maldoados que así se fundiron n-unha común simboloxía de cinco lises, que eliminaron ao león dos primeiros. Os Marqueses de Almeiras e Vizcondes de Andeiros que herdaron os blasóns do Almirante, trouxeron

sangue dos Figueiroas, Andrades e Faxardos que os escudos rianxeiros representan unidos ós Soutomaores (*figuras 4 e 5*) gravurados n-unha almea, no Campo de Cartas.

O nome de «Casa de Martelo» con que é coñecido hoxe o solar de Chariño, venlle do derradeiro Marqués de Almeiras á quen Galiza non pode esquecer porque



(Figura 12)
Rianxo - Placifa
«Casa dos de Arango»



(Figura 15)
Rianxo - Rúa d'Abaixo
Casa de Dieste, antes de Seco



(Figura 16)
Rianxo - Fincheira



(Figura 17)
Rianxo - Cabo da Vila
Casa da masarogueira
(desaparecida)



(Figura 18)
Rianxo - Cabo da Vila
Casa da masarogueira
(desaparecida)



(Figura 19)
Rianxo - Asados
Casa de Torrado

soupo honrar os seus linaxes cantando na lingua galega. Foi D. Evaristo Martelo e Paumán do Nero un grande señor da Galiza nova. Viveu sempre ao coido dos seus pazos falando rexamente aos desleigados que esquecen que é hora de loita ruda no campamento da Terra, e fixo belidos poemas:

«As armas tendes no chán...?
Ben. Beilade. Hai mans de ferro
para collelas mañán!

dilles ós mozos de Bergantiños que albiscaba dende as suas torres de Vimianzo.

A chamada «Casa de Aguirre» na Rúa do Hespital é fermoso exemplar de casa de fidalguía marifeira. Parece albiscarse nos escudos armas dos Moscosos, testa de lobo sanguifenta, e lises dos Fernández á que alude o epígrafe que vai na faciana do pequeno pazo (fig. 8) cúa lectura é ben doada. De ista mesma familia dos



(Figura 20)
Rianxo-Leiro-Brón
Casa dos Torrados-Capela



(Figura 21)
Rianxo-Rianxiño
Capela do Patrocinio



(Figura 22)
Rianxo-Cabo de Vila
Casa da maroma

Bastón —cuio brasón parlante parez agacharse tamén no escudo— debe ser a lauda sepulcral que o Castelaio tomou da capela do Nazareno da eirexa renacentista de Rianxo (fig. 9) na que se lê:

AQUI IASE D(on)..... DE BASTON VILLAR DE FRANCOS QUE HIZO ESTA CAPILLA EL AÑO DE (16)75 REINANDO D CARLOS II Y D AN(dres) GIRON ARZOBISPO DE SANTIAGO. MURIO A... DEL MES DE AGOSTO.

Parte das armas da familia Bastón reproducéas outro escudo da Rúa de Abaixo, (fig. 10) Non se pode aventurar interpretación algunha no epígrafe que acompa-



(Figura 23)
Rianxo-Cabo de Vila
Casa da maroma



(Figura 24)
Rianxo-Rianxiño
Capela do Patrocinio



(Figura 25)
Rianxo-Eirexa
Exterior da capela do N.

ña ao escudete que ostenta a cruz frondelizada franqueada por dúas cunchas xacobeas. (fig. 11) Semella ser embrema de algunha cofradía ou Hespital, con inscrición alusiva.

O escudo ostentoso da «Casa dos Arango» deixa ver as armas dos Figueirosas;

pra facer estudo dos seus brasóns como merez o fermoso exemplar comprirían algunhas olladas nos arquivos familiares (fig. 12).

E chegamos aos escudos máis antergos de toda a vila: son os da «Casa de Miranda». (fig. 13 e 14) Brasóns coñecidos, familiares pra os heraldistas galegos, co-



(Figura 26)
Rianxo
Eirexa



(Figura 27)
Rianxo - Casal



(Figura 28)
Rianxo - Costanilla da Eirexa
Casa de Lucas

rresponden á estirpes da máis ergueita nobreza. O león e os castelos dos Enríquez, as ondas dos Mariños, o xaquelado dos Soutomaores..... E ven á nós a tristenta soma de aquela filla desventurada do Mariscal Sueiro Gómez, Señor de Lantaño, de Sobrán e de Rianxo, doña María de Mendoza, morta á mans do seu home D. Enrí-



(Figura 29)
Rianxo - Araño
Casa dos Calotes



(Figura 30)
Rianxo - Rúa d'Abaixo
Casa do Pintureiro



(Figura 31)
Rianxo
Capela da Guadalupe

que Enríquez de Guzmán, fillo do Almirante de Castela e parente do Rei. Arqueoloxicamente, pertécen os escudos ditos ó século XVI; tal vez fosen feitos en tempos de Doña María e de D. Enrique.

Os Andrades e Faxardos son liñaxes rianxeiros reconecidos no escudo da casa de Dieste, onde vive o noso amigo o escritor Rafael (fig. 15), cuías armas se repiten na pedra da casa sita en Fincheira. (fig. 16)

Na desaparecida «Casa da Mazaroqueira», campeaba un brasón de nobreza nada ó pé do mar da Arousa, dos Mariños ou máis concretamente unha derivanza de

esta familia, a dos Mariños de Lobeira (*fig. 17*), enlazados, asegùn a heráldica en-
seña, n-este caso, cos señores do pazo de Martelo posto que o outro escudo (*fig. 18*)
ostenta análoga simboloxía.

Aparecen os Mariños de Lobeira de novo na casa que na parroquia de Asa-
dos poséen os Torrados (*fig. 19*) e na capela da mesma familia en Leiro (*fig. 20*)
facendo a serea simbólica da lenda da illa de Sálvora de tenante como é máis co-
rrente que non no campo do escudo, segùn os escudos devanditos o facían. A serea
tenante da Capela do Patrocinio, (*fig. 21*) sostén con exipcia frontalidade armas dos
Mariños notabelmente estilizadas no primeiro coartel e tal ves Piñeiros na metade in-
ferior. A capela está datada no ano de 1665.

A «Casa da Maroma» amostra que os Caamaños —piñeiro veireado de lanzas—
se axuntaron cos Mariño, Soutomaor e Enríquez. Fai confirmazón a heráldica do que
a historia nos enseña, pois D. García de Camaño casou con Doña Inés de Mendo-



(Figura 32)
Rianxo
Rua d'Abaixo



(Figura 33)
Rianxo
Capela da Guadalupe

za e Soutomaor (*fig. 22*) campeando sô o brasón dos Camaños n-outro escudo da
mesma casa (*fig. 23*) así como misturado cos Moscoso e Soutomaor e outras proxe-
nies na capela do Patrocinio xa mentada (*fig. 24*) e na eirexa da Vila. (*fig. 25*) Por
certo que iste derradeiro escudo presenta a cursidosa figura de un cándido encadeado
á il. Como non represente as armas dos Oca, non sabemos qué significación teña. O
mesmo animal igoalmente encadeado asoma tras de outro escudo da mesma eirexa
principal que doadamente se filia no século XVI. (*fig. 26*) Pol-o de pronto sábese
que os Oca entran na nosa Terra con aquel curmán do Arcebispo D. Rodrigo de Lu-
na, sobriño do Condestabre D. Alvaro, cuio curmán, chamado tamén Alvaro, empa-
rentou cos Soutomaores porque namentras il se casaba con unha Ribadeneira, doña
Xohana de Luna casaba co grande fidalgo galego Sueiro Gómez de Soutomaor, Se-
ñor de Rianxo. Os dous escudos derradeiros pertêscen tamen ao s. XVI.

Non adiviñamos qué armas se agachan no escudo que aparece no Casal (*fig. 27*)
sin facer antes un percorrido pol-os diversos brasóns galegos e postular, visto que

fallan as côres, por algún de entre os que ostentan leóns e meias luas, como en Ourense os Ambía e como en Lugo os Luaces. Ten aspecto de ser obra do s. XVII pol-o menos.

Os Ribadeneiras e Soutomaores reverquen as suas armas na pedra da Costanilla da Eirexa (*fig. 28*) e os Moscoso, cos Pimentel —cinco vieiras— e Figueiroa —cinco follas de figueira— na da Casa dos Calotes de Araño. (*fig. 29*)

Tanto na Casa do Pintureiro (*fig. 30*), como na Capela de Guadalupe (*fig. 31*) reloquen as mesmas armas que temos ollado na Casa de Aguirre. da familia Bastón de que deixamos falado, conocida pol-o epigrafe xa dito. N-eles destaca un apellido moi galego, Ponte, que revive na lembranza que provoca a cabeza de lobo colocada por riba da construción epónima. Tal apellido repítese no escudo da rúa de Abaixo (*fig. 32*) enlazado con outros blasóns que poideran ser representativos dos Alvarez, dos Ulloas ou mesmo dos Soutomaores imperitamente gravadas.

Finalmente os leóns asociados aos crecentes luaces aparecen tamen na mesma capela de Guadalupe (*fig. 33*), rematándose con él a serie de escudos recollidos pol-o Artista, e a serie que na actualidade existe en Rianxo.

Outros moitos foron esnaquizados ou por incuria dos homes perdéronse pra sempre. Lembremos aqueles que formaban parte do antigo castelo de Rianxo, desaparecido ao presente, as armas dos Soutomaores, Aldaos, Castros e Mendozas, e aqueles outros que voltados do revés enlousan as rúas da vila mariñeira.





ENSAIOS ENCOL DO ESTILO DA PAISAXE

por R. OTERO PEDRAYO

I

OS FENÓMENOS ATMOSFÉRICOS

NUN concepto moderno da Paisaxe collen ademais da Arquitectura e forma das terras, da tona vidal, da dinámica da erosión, das obras dos homes, moitos aspectos, entre eles os fenómenos da atmósfera. Por fuxitivos e leviáns que eles somellen non deixan de prestare a súa característica das síntesis da Paisaxe. A meteoroloxía vóltase fisiognomía, vidalízase no ampro sentido do vivir cósmico. Nubens, choivas, neves, o orballo das mañáns, compoñen na complexidade dos hourizontes. E quen esculque n-eles un estilo, unha fisiognomía, non pode esquecer o reino skakespirían de Ariel. Polo de hoxe somentes teimaremos respondere á algunhas suscitacións do suxestivo tema.

II

A PAISAXE DA NOITE

¿Hai dreito á falar da paisaxe astronómica ou da astronomía na paisaxe? Cecáis, ben pensado, non seña desmaziada pedanteiría. Os astros fulxindo sereamente, ordeados nas graves misteriosas das costelacións, a dramaturxia dos ceos, os variados aspectos do luar, o latexante estrelecer da Galaxia, chegan á nós peneirados pol-a atmósfera, e pra a emoción e a posibre sistemática da Paisaxe, fican lonxe os roteiros da ciencia moderna. Os astros e os ceos xogan na Paisaxe igual pra o contemporán de Heráclito, de Marco Polo, de Ibn-Batuta, de Keplero ou de Einstein na composición antropocéntrica do cosmos. Falamos dos astros na familiaridade do ámbito terrestre, atmosférico. Cecáis algún astrónomo na soedade, porta de evasión cas

azas do cálculo, en Lick, Mouns Wilson, Upsala, Tokio ou Melbourne, poderá sentir como paisaxe os xogos sidéreos e sinódicos de Ariel, Umbriel, Titania e Oberón no morro fogar afastado de Urano. Cecáis os canales de Marte, ou o esconsolo da cortiza luar, seña interpretados como paisaxe por algún cosmógrafo maxinativo. Podería un poeta poboar de paixón e degaro humán o mapa das rexións do hemisferio luar que os grandes telescopios achegan ao noso ollar á unha larganza de poucos kilómetros. Non chegarán á seren endexamais escearios de Paisaxe. Fai falla a presenza da historia, da conciencia diante a natureza, un circo de hourizonte galgado pol-as miradas intuitivas, intelixentes, das xeneracións. Os astros collen somentes na paisaxe da noite, que ademais de ser interpretada pol-as artes, po le adquirir tamén unha certa categoría xeográfica.

Algús grandes pintores teñen acertado nas paisaxes da noite, sempre ca presenza humán manifestada nas luces das fiestras, no halo lumioso das cibdades, na fogueira dos pastores ou dos nómadas. E cuasi sempre baixo a saudade electíaca ou eufórica do luar. Turner pintou as febras da noite petando nos vidros alomeados do quente e pechado «home» inglés, a fuxida dos largos neiros mollados pol a brétema na que navegan os faroles, ou a fouce do faro seitura isocronamente molladas de tempo e de noite, e tremores de gaivotas acompañan o folgo dos barcos viaxeiros. Na pintura barroca son as festas as que eisaltan a noite. A noite azul de Venecia salferida pol-o levan frolecer dos fogos de artificio, o ronsel do faro da góndola no canal vibradoiro ou calado onde se afogan os ceos adriáticos. Fuxida das carreiras de buxos, maxinadas perspeitivas de

frondas, na pintura francesa. Os escritores téñense achegado millor á esenza da Paisaxe nocturna. Xa non somentes os románticos, como Leopardi no canto do pastor errante da Asia, nin algunha fuxida dos crásicos, como o «splendet tremulo sub lumine pontus» do armoñoso Ovidio, romántico pol-a forza do exilio. Lembremos as noites das grandes novelas de Joseph Conrad: a mar centileante das paisaxes da Sonda, o locir das formacións madreporicas acarifiadas pol-a graza da onda, o vento galgando degraus de lonxitude á cada pulo máis carregado da soedade do Océano. Mais sin dúbida fuximos do tema de iste traballo demarcado n-unha intención xeográfica. Teimemos precisare un pouco os elementos fuxitivos, misturados, da paisaxe da noite. Poderíase pensar seren as tebras negación de todo sentimento da Paisaxe. Afeitos á lus que cría os hourizontes, coorea os arboredos, eisalta os neveiros, amostra asegún variados ángulos as formas da arquitectura das terras, poderíase xustamente cecáis sinalar o remate da paisaxe co esmorécer das derradeiras lumes do poente. Criterio, un pouco psíquico. Si a Paisaxe pódese definiñe como a faciana decorrente, eispresiva, no tempo e no espazo, da natureza aparential, isa forma mostrará nas horas da noite e aínda pra unha ouservación xeográfica algúns aspeitos, formas, enerxías, e os elementos pra sentir pol-o menos un comenzo de composición de paisaxe.

Ceo aluarado, estrelecido, nebocato: soar ou locir de yaugas, vento nas ponlas invisibles, bater de ondas, rencher de aréas baixo os pés, rexo pisar na roca, neboeira alagando as formas, cantar de paxaros, cheiro de colleitas, recender de froumas, co tema característico de cada sazón, presenza de obras dos homes, no sospeitar dos treitos, fumes de fogares, recendo de gado... tantas outras ecuacións sinxelas, instintivas ou refreivas, poden sere principio de síntesis xeográficas de paisaxe. Dende logo ca axuda da lembranza e da espranza. Mais istos métodos de enxuizar tamén xogan súa función esencialmente orgaizadora na visión da paisaxe á lus do día.

Primeiramente, os astros. Ben o saben pastores, labregos e mariñeiros. Son pra

iles, sobretudo na vida aínda primitiva, verdadeiros elementos da súa paisaxe. Diferentes asegún a sazón, a hora, a latitude. Na noite polar e na noite dos desertos adequiren o máisimo valor na paisaxe das terras ca rotación da bóveda celeste van xurdindo os luceiros, dispóndose as costelaciós á cada hora. Na noite polar son os soilos faitores familiares no vago crarexar dos lazos. Afondan o sentimento do espazo e do tempo en perspectivas cuase metafísicas. Contan as horas locindo en mollos de lus na atmósfera trasparente dos desertos. Nas nosas latitudes ¿quén non eisprimenta a compañía dos ceos asegún a hora e a sazón? Noite do inverno, tremelocente co illado deitar de lus do fermoso Sirius, da composición simbólica de Orión. No hourizonte as constelaciós zodiacales sinalan os tempos do vivir cósmico do universo tan achegados ao pequeno ciclo das colleitas e das angueiras eternas. No ceo vran a Lyra rube ao cumio do ceo sobre os campos vibradóiros de promesas. Os ollos afeitos miran a eispresión das estrelas á cada hora da noite. O luceiro da mañán, quéimase con eisprendores máis vivos cando nin unha promesa de luzada se sospeita tras a comba escura do hourizonte. As diversas posicións de entramas Osas xirando en ciclo anual arredor da Polar son elementos das sucesivas paisaxes sazoneiras. E na mar medra a función do ceo estrelecido. Todo os nautas e viaxeiros miran o se alargar da Polar nas yaugas ao cruzar a Liña. Outras estrelas presiden outros paisaxes, e a Crus do Sul impera no ceo do hemisferio que xa por unha determinación pranetaria amos tra conxuntos de paisaxes desemeallantes aos do Norte. Maxinemos unha paisaxe de noite estrelecida. Cruzamos os outos chaos de unha serra da nosa Galicia. Isa «obscure charté qui tombe des étoiles» deixa mirar os espallados círcos do hourizonte que abranguen serras, penichas, vales, grandes larganzas de paisaxe. Chega a nós o salayar d-unha cachoeira. Espriméntase a pureza xiada do ar do inverno. A probe terra que pisamos está dura e elástica pol-a xiada, ven das quebradas o rexo recender das carballeiras, cheiro de musgos, follas murchas, yauga encorada, propio da montana. A vasta da-

maturxia do ceo chega ao fio da medianoite: o Orión trunfa, as estrelas zodiacales ráñan-se no meuro perfil do lonxano hourizonte. Sin outros motivos de información, soilo co ista presenza do chan que calcamos, do recendo da noite, do frío da xiada, do decorrer das estrelas, do caír das yaugas, do crarexar dos illós, da esquemática forma das montañas podemos compoñer unha síntesis de paisaxe.

Có luar a noite deixa ceibes máis motivos. Da mesma maneira que hai soles topográficos, os que dibuxan, esculcan, eisaltan, armunizan, todal-as formas da facies telúrica, tamén hai luas capaces de inspirar esquemas cuasi completos. Primeiramente o luar do inverno. A lus do luar non é difusa, soilo amosta aquilo que toca; lus de pranos, sin profundidade, esperta aspectos parciais, desleigados de un conxunto armónico, máis en troques dona de unha forza estraordinaria pra destacar as cousas miudas, ás veces, esenzales na comprensión da paisaxe. As grandes masas da vexetación, os pechos arboreados, apenas apañan fuxitivas raiolas do luar que destaca follateiras das ponlas outas, ou baixan deica o chan criando fantásticas, fuxidas de mestos troncos ou soedades verdecetes illadas no misterio escuro do conxunto. O luar das sazóns decoradas pol-o vivir vexetal sometido ao decrebamento invernizo fracasa, e soilo dá estranas ou poéticas perspeitivas. En troques no inverno o bosque boreal, espido, amosta as arquitecturas esquemáticas con forza sinxela, que conxuntamente co poder de eisaltarse o correr das yaugas, o socego morno dos illós, as pequenas facies da paisaxe (pedras orceladas, seixos brillantes, laxes dos camiños) orgaiza verdadeiras eispresións de conxuntos, quietos, dotados de fonda suxestión. Mais o luar trunfa nas gandrás, nas penedías, nos outeiras, N-iles a contraposición das somas e das rexiós alomeadas, sinalan a vastedade dos ermos, precisan as formas da erosión, e con vento e soar de yaugas compretan a idea do dinamismo mecánico. Un esteso hourizonte alagado no dondo locir do luar, semella aos desenvolto baixo as orballeiras primaveiraes cas lonxanías craras ou foscas, o contraste de formas cheamente individualizadas e outras escuras no agarimo das nubens

desfeitas en fina choiva. Pois o luar chove raiolas, non enche, arrodea, compreta, todol-os pranos, formas, estaxes e lonxanías dos hourizontes.

Quen sementes tivera a esprancia das paisaxes da noite, aínda aluarados, sentiría un mundo deixado ás forzas mecánicas, desartellado, caótico, sin entender a función da vida nin a presenza das coores infindamente matizadas. E as noites escuras co ceo coberto de nubens en bóveda pecha ou desfeitas na choiva, si apenas deixan sospeitare elementos de Paisaxe, dan a sensación de un mundo de escuras presencias. Se non precisan as formas, mais o taito, o ouvido, o cheiro, recollen notas dispersas: rumor de arboredas, tocar de pedras, recendo de colleitas, de primadeira ou de outono, por eixemplo. Lembremos unha viaxata por terra pra nós descoñecida da Galiza, na noite fosca. O foxo da fonda corredoira ulía á sábreo e terra vexetal, ca man afastábase ponlas de pequenos carballos e as silveiras ameazaban a nosa faciana, os cascós do faco e os zocos do home que nos guiaba resoaban nas pedras pizarreñas e nas laxes sonoras deitadas, e asucadas pol-as rodeiras dos carros onde a yauga agurgullaba baixos sons. Por riba de nós chegaba o maino ruxir de invisibles piñeirales e o seu recendo primadeiral. De súpeto n-unha volta da corredoira as tébras afondáronse n-outra escuridade de nubens e un aire salgado sinalounos a presenza da mar.

Poderíanse engadir as paisaxes urbáns da noite. Coidamos non ser discutible o aspecto xeográfico das paisaxes urbáns. As vilas son en grande parte fenómenos xeográficos e na súa materialidade e intención responden aos temas do ambiente e da paisaxe. O resoar das laxes de pizarra ou de granito das rúas, a categoría das pedras arquitecturizadas, e das vexetacións homildosas que as decoran, a presenza de un xardín, de unha horta, mil aspectos vilesos eispresan elementos da paisaxe. A noite urbán tivo sempre xurdidos intérpretes na esfera das letras. Cada vila ilustre disfróita pol-o menos de unhas páxinas certeiras. As vilas, as máis ilustres, pol-a beleza, millor afincadas no cerne xeográfico, poden conteñer en certas horas de noite ou de sol algúns esenzales motivos

da paisaxe. Lembramos, unha rúa toledán, *enchinarrada* de croyos, cinguida de muros de ladrillos, ulente aos pechos xardíns dos conventos e dos pazos. Ou unha praza compostelán de granitos resoantes. Somentes apalpando as pedras esprimentaremos as variacións da labourea erosiva á que as rocas teñen estado suxeitas na natureza e despois na ordeación artística. Certamente as paisaxes naturais figuran máis ou menos humanizadas, i-én conxunto afastados os desertos e as outas cumes —n-eles tamén fica a lembranza de un pasar humano ou de unha hipótesis ou maxinación de sabio ou de poeta— todas amosan a tónica do traballo e da conciencia. Nas vilas a inspiración humana érguese á un módulo superador das condicións xeográficas. Son máis historia que natureza, máis liberdade que necesidade. Pol-o que eisceden do estilo xeográfico, abranguidas, como os xardíns, no estilo das artes.

III

A LUS E AS COORES

A cada hora do día e da sazón, a lus viste con diversa fondura, intensidá e armuñía as coores das paisaxes. Mais dinantes de enxergala bañando e creando a gama das formas e decoración das terras e a variada sinxeleza do mar, temos de a considerare ceibe, núa, na lumiosa fuxida cupular dos ceos. Sin ela calquera idea de paisaxe ficaría tolleita. O ceo cría e ordeaba as paisaxes. Dende o primeiro instante da luzada trunfa do caos das tēbras ou da elemental ordeación das noites espalladas. Ceos azues, cincenos, brancos, asegún as latitús e as outuras. No fluído imperio sin resistencia, do ar, fica a presenza descoñecida do espazo valeiro onde a lus non ten realidade, como un elemento escuro que presta na atmósfera das outas montañas a colaboración d'unha coor negra ao branco dos vapores da yauga, ao azul das grandes e densas capas de aire. A xeometría dos picoutos centileantes de neveiras ou ceibes en picos e diedros de roca destacan n-ista particular cooración con violenta ou angustiosa craridade.

Ceos do vran, fondos, espallados, vibra-

doiros de azul no cumio das doce, máis brancos no derrame encol das liñas do hourizonte. Ceos do inverno callados en cristaiña se-reidade. Sospéitase á cada sazón, en cada hora, diversas lonxanías, asegún a curva que o sol percorre. Figuran pequeneiros e baixos os ceos do inverno, pois ao norte a grande porción lonxana do camiño do sol semella gardar un pouco de noite, e aínda espallada, e sin nubens, semella carregada de noite. Mais os instantes eispresivos onde loce o tema da sazón son a luzada e o sôlpor. Presaxian ou recollen o camiño do sol, a natureza da lus, a loita de ela ca sombra. A do vran sintetiza total-as formas e coores da paisaxe que adquire un aspecto ordeado arredor de un eixe ascendente, subrimado na hora das doce na que a idea do cenit chega á se sentire como realidade, redocidas as sombras á pequenos espazos que sufincan a eialtación vertical, piramidal, de total-as formas. Paisaxe ascensional, equilibrio, ponderación, baixo a lei do ceo lumioso. En troques a lus outoniza, inverniza, chegando oblicamente, non conquiere o equilibrio nin dispon a síntesis da paisaxe tendida á fondura atractiva e cupular do ceo. Lus de craro-escuro, finxe un mundo alomeado por lus tanxencial, un mundo derrubado, deitado. D'eiquí a finura topográfica da lus. Non deixa sin esculcar socesivamente ningunha facies do releve, e as zonas alongadas compretan a visión de un mundo no que se sente decorrer o tempo xeolóxico. No vran unha serra érguese como individuoalidá poderosa, sinxela: a lus do outono e do inverno vai analizando todala-s feitura da serra: as crebadas que na aba raña a erosión dos torrentes, as difrentes masas que a integran, o dibuxo do lombo como unha soa de grande animal deitado, o rubir da vexetación, as moreas de penedos, hastra o locir de certos seixos brillantes, de certos albres antigos. A vexetación espida de follax descobre en total-as direicións o chán dos eidos e dos ermos, achega logares e camiños n'outró tempo encobertos, e a paisaxe figura máis amin-goada, pro tamén máis crara e percetible. Con tal lus hai horas na nosa Galizá nas que o ouservador esprimenta un comenzo de angustea pol-a sorte da vida. O ricaz tapiz ve-

xetal, as variadas obras dos homes, traballo de unha cultura enteiramente adoitada e reitificada do chán, locen na lus do inverno de tal xeito febles, amingoadas, probiñas, que se ten medo non poidan aturare a dureza da xiada, o embate dos ventos e da choiva, pois con esa lus a formidabile realidade xeolóxica trunfa e érguese en vibracións de serras galgando ao lonxe, en bater e fuxir de yaugas, e a terra e a roca crarexan nos eidos, miranse ao través do dibuxo das ponlas espidas, e os camiños e as casas fumegantes e total-as obras dos homes son pouca cousa acarón da formidabile enerxía planetaria do mundo. Pra xusgar e compoñer unha paisaxe haina que enxergare as diversas e socesivas luces das sazóns pois hai que o sentir como algo decorrente, confluencia do tempo cósmico, vital e humano (histórico) nas súas interferencias localizadas n-un hourizonte ou n-unha rexión natural.

I-encol da mar a lus impónse aínda con meirande forza. Mares azúes e verdes refre-xan difrentes cooracións de ceos. Hai un sinxelo troque de cooracións entre entramos abismos, entre as dúas sinxelezas poderosas da natureza.

Na lus pende o misterio das coores. Sin ela non poderíamos pensar sinon algunha paisaxe ideal, sin realidade nin tempo. Escolmemos un hourizonte da Galiza pra enxergar os socesivos tempos da coor ao correr sazoneiro. Primadeira, dinantes de cantare o cuco. Paisaxe casta, adolescente, agarda de algo que ditosamente vai acontecer. Manda a coor das rocas e da terra. Os verdes do inverno —a pecha formación dos piñeirais, os centeos novos e sofridos, cansos de aturar xiadas, os musgos e ouricelos que disfroutan da súa mol primadeira mollada no inverno carcoal— tamén agardan. Os eidos asucados locen a terra areosa e levián ou escura e fonda. Os penedos e as lonxanías das serras, griseiros aquiles, istas fortemente azúes, violeta como alomeadas por un fogo interior adornan o solpor, reciben as novas ondas de lus e toda a paisaxe se dispón pra frolecere en tempos difrentes, espazados, interferentes. E ven a primadeira das flores, e conforme a vaga neboa verde que cingue os arboredos se vai adensando en

masas de coor, a paisaxe xurde serea, a ton vexetal encobre total-as formas xeolóxicas. Gama infinda de verdes do vran, pouquiño á pouco decrebada en sienas e ocres. Primeiro nas colleitas maduras dende os centeos pol'o S. Xohán, deica os milleirais e as viñas no outono, sazón na que a lus cria cooracións fuxitivas, fantásticas, sin realidade ás veces no tremor de ouro dos albres riveiráns, nas encostas asoelladas de viñas. Toda a coor, agás dos fortes verdecere de lameiros e ferrañas, vive longamente como xogo feiticeiro da lus. E cada mañán o ferir obrico do sol vai amostrando en troques do trunfo da vida, o erguemento da faciana e da enerxía dinámica das rocas e das formas arquitecturais da paisaxe.

A lus do sol como condición é ao largo do ano como criadora de paisaxes: eis un tema que a nova Xeografía, síntesis das esencias de tantas ciencias, síntesis apenas deica hoxe sospeitada de tantas difrentes e armoiosas posibilidades, ten de estudar e armonizar en cada rexión do planeta.

IV

OS SONS NA PAISAXE

Pra orgaizare en temas espresivos a Paisaxe non abonda ca visión educada na dobre función de enxergar e aduñar, analizando e sintetizando, ca axuda do sentimento do tempo. A Paisaxe dinamicamente esprementada, sentida ao estilo moderno —pois a paisaxe estética non eiscece un papel suxeito de fondo teatral pras accións dos homes— precisa da colaboración das nocións adeprendidas pol-o ouvido e pol-o cheiro. Na Pastoral beethoveniana o xermolar levian da Primadeira, curtada pol a xigantomaquia da tempestade, alongada na vibración unánime das colleitas e dos bosques, son outefidas pol-o són. Paisaxe incompreto, sera aquil onde o ouvido non poida recoller ruxir de vento, de colleitas, estralar de froitos, cantar de paxaros, soar de yaugas. Como que as paisaxes dos lagos e do deserto que queren transmitir unha impresión de morte, de algo callado, quieto, silente, esculcan os momentos de poderoso silencio.

Non fai falla apelare ao canto da Maladeta na luzada, nin ao estrondoso derrubárase das avalanchas pol-as abas alpinas. Calquera paisaxe eispresase con sons mecánicos ou vidales. Os grandes istromentistas da Paisaxe son o vento e as yaugas. En segundo termo a vida. Apenas maxinamos quieta e inmóvil a fluidez do ar ou da mar. Como eles a vida pende da fadabilidade da natureza mais en difrente escala. E no conxunto da Paisaxe as variadas maneiras do són móstranse eisaltando a dinámica mecánica e vital do mundo.

O vento esperta romores adoitados á cada especie de resistenzas que atopa no seu camiño. Nos chaos espallados dos montes funxa monótono, aviva as coores da chaira, vibra o morno locir dos illós encorados pol-a choiva ou criados pol-a neve, máis nos pincares e penedías brua ecoando nos buracos e nas fentas que il traballou no cerne duro da roca manexando contra ela as molladas de choiva como picos e cinceles. Na larganza da serra o vento asubía ceibe, nos arboredos adóitase á maneira de cada un: romor unánime dos mestos piñeirais que recollen, alongan, istromentan en fuga o fuxir do vento. Coro de voces individuoalizadas da carballeira; vibrar das outas pónlas, resistencia dos troncos bariles cinguidos pol-o chicoteo custante, romor das follas murchas guindadas ás moreas. O vento descobre novos elementos na paisaxe, pol-a vista, ás veces, pouco apreciados. O ouvido educado precisa o pasar do vento pol-a roca, e a súa loita con algún testemuño de vida apenas enxergábele. Un cativo carballizo nado na fenta da penedía esgrevia garda no seo do inverno follateiras murchas e tercas que responden ao vento con ruxido furioso de vida que se defende. O vento dá particular coor ás paisaxes como vibrando á lus do sol que as envolve faguéndoas máis craras, decorrentes, o vento en cada tipo de Paisaxe eisalta a lei fisiognómica esenzal e seu són é difrente rañando a tona loira das centeeiras graves de espigas, alongando o estralar enxoito dos mestos milleirais maduros, salferindo os bosques ortonizos. Shelley no pulo ceibe do romantismo inglés cantou o vento do W. o vento atrántico. Pois cada vento ten

a súa vos particular, e os ouvidos exercitados distinguen o N. L. por eixemplo, do soán, xa nos primeiros empuxes dos paquetes de ar botados adiante, e cada vento, ó choutar súpeto, ó monótono bater, ostenta seu tema que en compañía ca coor do ceo, a figura e o pasar das nubens, a reaición da coor dos hourizontes, figura faitor esenzal na paisaxe dinámica.

Un estudo xeográfico compreto non deixaría de establecere o tón do vento asegún as facies telúricas: na estepa, no deserto, na tundra, nas terrazas de loess, na silva amazonián, nas outas cumes, nos chaos labregos. Onde a sinxeleza da resistencia fai meirande a función do vento é na mar. Cada onda érguese, toupá, desfáise ou creba súa nota apenas iniciada, rexistrando un pasar de vento. Moito dinantes de miralo síntese a vecifianza do mar pol-o balbordo das ondas. Ten o vento voces desemeillantes na ceibeza da outa mar onde as augas déixanse xogar en poderosas proporcións, ou nas costas rexas ou moles. Corre o vento mareiro pol-os praias, erguendo chafarís ou espaxendo veos de aréa. Loita titanecamente nas costas rexas, levando ao lonxe seu resoar nas furnas, seu sibilar nos cons dos promontorios. O vento dibuxa e descobre a paisaxe, como en máis pequena proporción unha bomba de festa vai percorrendo e refrexando socesivamente cada feitura do val ou da badía.

Cecais en meirande proporción que o vento sempre fuxitivo, fan as yaugas servas da gravidade, a sonoridá das paisaxes. Pingas grosas, espaciadas, graves, preludiando o torbón da tronada encol das vexetacións pechas. Longo medrar das choivas carcales hora tras hora alongando a paisaxe no tema crecedeiro, con variacións nas penedías, na gandra, nos piñeirais, nos eidos, nos pobos. Tamen hai algo distintivo no romor da choiva asegún a terra e a vexetación. Máis custante as yaugas correntes envolven as paisaxes en longas e variadas armuñas. Culminan no inverno e na noite. Hai paisaxes cheas do cair de unha cachoeira ou do longo saloucar do río. No val maduro, as terrazas estroitorais cinguen e acompañan o longo desenrolo dos meandros folgados, e o salaio do río na presa do muiño ou súa vos

difusa na beira traballada, entran na síntesis de todol-os aspectos da paisaxe do val xeolóxicamente vello, feito, folgado. A facies violenta, anárquica, da montana rachada, ficaría incompreta no seu poder eispresivo, sin o conxunto das voces dos torrentes agurgullantes, escumosos, baixando pol-as abas, debruzándose en cachoeiras no oco de sonoras crebadas. As veces un chao labrego sinte o se demudare do tempo pol-a chegada da vos de un lonxano cachón. Máis axeitadamente que o vento, as yaugas sonoras dibuxan i eisaltan a facies de unha paisaxe, dondas e moles nos vals maduros, bravas, desfeitas nos estaxes de erosión aitiva e destroitira, baixas, romorosas nas quenlles e canles que os homes guían e ordean pra o rego das terras labregas. En rexiós suxeitas ás medras violentas e perigosas dos ríos os homes saben interpretare o romor das yaugas, e sinten a chegada da crecida. Unha paisaxe de oasis se non comprende xeográficamente nin n-unha impresión artística, privada da muesa da auga, serva, en chafarís, deitando na fonte, silandeira nas canles.

Outras voces cósmicas ten a natureza: o cair das avalanchas, crebar da branquece ou esborrallamento da masa dos iceberg. Tamen o ferver dos volcáns, esbourar dos tronos. Fenómenos de valor pasaxeiro e demarcado en certos instantes e conxuntos decorrentes da paisaxe.

Temos indicado os sons de orixen vital. Pol-o pronto afastemos os que teñen seus orixens nos homes e nas obras dos homes aínda que moitos de eles teñan un certo valor xeográfico. Os sons producidos pol-a toña vital que adaitándose ás formas da terra latexa na atmósfera inferior, demárcanse naturalmente nas dúas esferas: vexetal e animal. A vexetación silandeira, vivir calado todo ao longo das súas direccións vitais non deixa, ás veces, de sonozare na paisaxe. Ca resistencia ao vento e á choiva as diferentes formacións (bosque, estepa, máquis, pradeira, etc.) dan o seu tón mecánico: o son vital redúcese ao estralar dos froitos en certas especies, ceibando as sementes. Ouser vase nos piñeirais, nas xesteiras alapeadas pol'a raxeira dos vráns, e n-outros climas e latitús adoitan meirande intensidade.

En comparanza son infínidos os sons con que as especies animais eispresan instantes ou etapas do seu vivire. Non intresa, xeográficamente, o berro illado do touro, ou o bradar do lión na brousse tropical. E preciso un son conxunto, poderoso, significativo pra figurare no complexo de unha síntesis de paisaxe. Cada silva ten o coro, variado asegún as horas, das voces dos animais. A zuniada das rás en paisaxes lamigosos, a nota do sapo na noite, o ouvear dos lobos na chaira xiada do inverno montesio, poden compôr en certos paisaxes da nosa terra, mais en conxunto soilo dous grandes grupos entran de cheo n-unha consideración do xénero que nos guía n istas páxinas: os insectos, e os paxaros. Enchen a sazón quente con romor adoitado á hora e o ambiente no que viven os insectos. Vibran os lameiros nouturnos co seu canto, pulsación de elitros que asociamos ca fonda vida calada das terras verdes, outras sonoridades destacan nas horas do sol triunfante, o ceo espallado, a enxoiteza das terras. Sin eles a paisaxe perdería un medio eloquente de eispresión. Un muro vello, inzado de hedras, ou un caracocho de soto, envolvementos no fungar dos abellóns c-un pouco de hourizonte, abonda pra compoñer un pequeno paisaxe do vran ou do primeiro outono.

Mais gabados pol-as artes ninguén descoñece o carácter sazoeiro de certos paxaros. As noites da primadeira nos vals e chaos da Galiza do Sul, tremorosos do canto do reiseñol, o chilar das anduriñas, a nota do cuco que figura centro e tema de un tempo musical espaxado en todas as formas e matices de paisaxe (os novos centeos, o frolecer dos cotos adustos, a nova fondura das arboredas latexantes de vida), o traballo do peto nas trabes mortas no silencio de sesta n-unha carballeira, un croar de corvos na maraña, o cantar das perdices na encosta asoellada poboada de maquis recendente baixo a lus do Setembro. Poderíame lembrare outras moitas sons, que en si serán decorrentes, mais entran na paisaxe pois cada un precisa un aspecto, un instante, unha categoría da paisaxe, e hai sons animais da gandra, do piñeiral, do pomar, do monte, da ribeira.

Trasalba, Marzal, 1933.



Investigacións etno-morfolóxicas antre a poboación do Ribeiro de Avia

Traballo presentado ao Seminario de Estudos Galegos

Por MODESTO LÓPEZ TEJUREIRO

I

Os caracteres físicos da xente galega son-nos coñecidos deica agora de un xeito ben incompreto, non existindo sobre do particular ningún traballo de conxunto nin estudos monográficos que permitan ver claro no dito asunto.

Hai, si, publicados datos referentes á repartición do índice cefálico, da estatura, da robusteza, e de outras moitas particularidades nas distintas provincias hespañolas e de eles poden deducirse algunhas das características dos habitantes de Gatlza, anque o número de individuos observados e a maneira de agrupalos en moitas ocasións, non permitan sacar unha impresión definitiva.

Das estadísticas de Olóriz, Aranzadi, Sánchez, etc., sacamos en limpo que os habitantes das catro provincias galegas posêen un índice cefálico mesocefálico ou subdolicocefálico, acadando as cifras mais outas as provincias do Norde que n-isto presenta grande semellanza coa rexión Cantábrica, que é onde se atopa un maior número de braquicéfalos. A provincia de Ourense semella, en troques, ter maior analoxía coas bisbarras limítrofes de Zamora e de Traz-os-Montes que coas outras provincias galegas.

É dicir, que o galego en xeral poséera a cabeza máis ancha da Península coa soia excepción da costa cántabra de Asturias e Santander que se non aventaxan igoalan, polo menos, os núcleos mais braquicéfalos de

Lugo e da Cruña ocorriendo algo parecido ca estatura que forma en Galiza unha das meias mais baixas de España, imitante á que arroñan outras terras do cadrante do noroeste.

Mais non se reduce a isto soio o material recollido. Poseemos tamén datos relativos ao índice nasal, á robusteza, á pigmentación, deducíndose de todo elo que o galego figura antre os mais baixos e robustos da Península, que ten un nariz dos mais estreitos ou leptorrinos e que se contan na nosa terra bastantes pigmentacións craras.

¿Qué diferenzas presenta logo con relación ao conxunto dos poboadores da Península? Ningunha esencial. Resalta a súa meirande anchura e platicefalia como resalta asimesmo na rexión cantábrica, e que se traduce no aumento de dúas ou tres unidades ao mais con relación á meia xeral, resalta a súa maior robusteza a súa leptorrinia e nada mais.

¿Qué valor teñen istas variacións físicas? Ningún, ou case ningún.

Agora ben; o sistema de espresar numericamente as distintas variacións humanas vai caíndo en descreto, e a espricación de tal feito é ben sinxela, xa que semellante procedimento resólvenos tan soio o averiguar a relación existente antre unhas e outras dimensións en determinadas partes do individuo, principalmente no cráneo. A morfoloxía, o esencial precisamente pra proceder a unha crasificación de razas, quedanos in-

completamente coñecida co-iste procedemento.

Imos pór un eixemplo: supoñamos dous grupos braquicéfalos *A* e *B* e un mesocéfalo *D*. Os cráneos do grupo *A*, vistos verticalmente, distínguense por un abultamento da parte posterior e a súa forma esferoide contraponse aos do grupo *B* abultados cara adiante e de aspecto semicradado. O grupo *D*, mesocéfalo, caracterízase pol-a súa forma ovoide e a anchura da súa porción posterior, semellándose pol-o tanto máis ao grupo *A* que ao grupo *B*. E apesares de elo, se seguimos únicamente o sistema das medicións, *A* e *B* figuran como máis afíns entre si, que *A* e *D* por prescindirse do dato morfolóxico que aproxima considerabelmente estes dous derradeiros grupos.

A defectuosidade de tal procedemento a base de números, advertiuno Sergi, que na súa obra «Specie e Varietà Umane» propón unha nova crasificación do cráneo humán, atendendo á forma xeométrica da súa *norma verticalis* e sinalando as formas máis predominantes. En traballos posteriores compretou esta división asestando un serio golpe ao método antropométrico usado por Broca e Topinard e seguido pol-os principaes antropólogos franceses.

Sorgi distinguía de iste xeito diversas formas craneanas, tales como a ovoide, a pentagonoide, a romboide, a esfenoide, a beloide, a elipsoide e outras.

Non embargantes a inxeniosidade de iste procedemento, non foi debidamente tido en conta no Congreso de Mónaco, apesares de ser Sergi unha das súas cabezas máis visibles e os sabios alí reunidos acordaron continuar usando o vello sistema, a cuio efecto dictaron regras e normas pra o seu emprego.

Mais non paran eiquí as dificultades, pois aparte de istas discrepanzas tampouco eexiste verdadeiro acordo en canto á crasificación das razas atendendo principalmente á forma da cabeza. Desbotada a división a base de pigmentacións e non conformes ca diferenciación craneana, algúns recorriron á feitura do pelo (Haddon), a certas características do cráneo (Ranke) aínda ao rol histórico dos distintos grupos (Stratz, Schmitz) pra facer unha crasificación, podendo decirse que ca-

da vez eexiste menos acordo con respecto a iste problema, e non sendo doado o afirmar cal sexa o detalle máis seguro pra estabrecer disparidades e parentescos antre os diversos grupos de homes.

Téndese así e todo actualmente a crasificar atendendo a un conxunto de características e non a unha ou dúas en particular.

Exposto xa o que coidamos indispensable a fin de xustificar o método e propósito das investigacións realizadas, ben pouco é o que compre engader denantes de rematar o párrafo.

Tivemos ocasión de eisaminar oitenta e dous individuos de ambos sexos, pertencentes aos Aluntamentos de Ribeiro da Ávia, na provincia de Ourense. A maoria de iles son veciños de Leiro, unha das vilas máis importantes da rica terra ribeirán. Os resultados de tal eisame son os que se van espór, tirando despois unha conclusión do exposto.

Pra o traballo non se usou istrumental antropométrico de ningunha clás por dúas razóns: a primeira por carecer de el e a segunda por non estar quen esto escribe moi convencido da utilidade dos métodos antropométricos.

Feitas istas adevertencias necesarias pra mais de ún, que non concibe traballo de ista índole sen o adubio de fortes rengleiras de números, entraremos de cheo no asunto.

II

Os datos recollidos refírense á coor da pel, cabelo e ollos, estatura, características do cráneo, sistema piloso e diversos detalles referentes ao aspecto de conxunto que coidamos de grande intrés pol-as razóns que logo enumeraremos.

Principiaremos espóndo pol-o mesmo orde con que fumos citando. E velaquí os resultados obtidos.

COOR DA PEL

Branca.	34
Sonrosada	20
Morena	28
Total.	82

Ben craro se advirte que predomina o branco en grande escala, xa que o sonrosado non é máis que unha variación do anterior.

COOR DO PELO

Castaño craro.	13
Castaño escuro	41
Preto.	22
Loiro craro.	2
Loiro cinzento.	1
Total.	79

En tres casos non poiden averiguar a coor primitiva do cabelo pol-o avance das canas que facían imposible o distinguilo.

Co pelo, ao contrario do que ocorre ca pel, obsérvase que predominan en grande escala as tonalidades escuras, como asimesmo nos ollos, asegún se comproba nas seguintes cifras.

COOR DO IRIS

Preto.	2
Castaño escuro	46
Castaño craro.	17
Verde.	11
Gris.	1
Azul	5
Total.	82

Advírtese á primeira vista que a coor típica da raza nórdica háchase moi feblemente representada eiquí.

ESTATURA

Pra conseguir algún dato acerca da estatura dos poboadores da rexión, eisaminamos as cifras relativas aos quintos do Auntamento de Leiro, pertescentes aos remprazos de 1930 á 1931. Suman istas medicións un total de 84 e arrojan unha meia de 1'637 metros.

Tal estatura pode considerarse baixa por non chegar á cifra considerada como meia da humanidade

FORMA DO CRÁNEO

Imonos referir eiquí á nosa impresión particular, conseguida mediante un eisame á ollo dos diversos suxetos observados.

Pol-a súa forma ancha chamáronnos a atención tan soio catro cráneos. Outros 22 poden crasificarse entre os de formas meianas e o resto deben de sere incruídos decididamente antre os de tipo longo ou dolicocefalo.

Respecto á altura, 8 cráneos parecéronnos predominantemente platicefalos, 28 meianamente altos e o resto, ou sexan 46, hipsicefalos ou alongados verticalmente.

Non convén dar moito tino á istas observacións pol-a forma en que foron feitas, mais non deixan de seren un detalle que compre non esquecer en futuros inquéritos.

CARA

Ao igual que coas formas do cráneo, espomos eiquí a nosa impresión ao primeiro ollar, das diversas caras observadas.

Abondan pouco as de tipo curto ou ancho, téndose atopado soio 8 que nos chamasen a atención por tal carácter. En troques outras 48 poderíanse crasificar antre as leptoprosopas ou de tipo longo e o resto, 26, antre as mesoprosopas ou sexa as de anchura meia.

ÁNGULO FACIAL

Parécenos que se ten concedido menos importancia da debida á iste dato, á xuzgar pol-a catividade das referenzas que posêmos en col do perfil da cara da poboación española, sendo posible que un traballo inizado n-iste senso arroñara resultados intresantes e que chegara incluso á amostar a eisistenza de un maior número de prognatos antre galegos e portugueses que nas restantes rexións peninsulares. No Ribeiro de Avia comprobamos en dazaoito casos ista tendencia ao prognatismo, cifra bastante elocuenta se se tén en conta que o número de suxetos observados non pasou de oitenta e dous.

Non é dificille que n-outras comarcas de Galiza atopárase ainda máis pronunciado tal carácter.

OLLOS

Un detalle importante na crasificación das razas constituíu a forma do ollo.

Eisiste un ollo mongoloide, que é o que principalmente serve pra difrenzar o tipo mogol do caucásico, e eisiste un ollo negroide, fácil de distinguir pol-a forma grande e abultada do globo e o groseiro das palpebras e das demais partes que o constituíen. Pode afirmarse asimesmo a eistencia d'un ollo galego típico, diferenciábel pol-a desproporción entre o grandor da órbita e o pequeno tamaño e afundimento do globo. Esta forma é doada de distinguir da corrente entre a chamada na Hespaña, raza occidental, por Bosch, que non embargantes e a que semella predominar na comarca que nos ocupa.

Atopei eiqui 8 formas de ollo galego e 11 de ollos grandes propios das razas meridionaes. Tamén poiden observar reminiscencias do ollo negroide en dous individuos e do mongoloide n-outros dous; estes derradeiros con evidente parentesco nórdico.

NARIS

O eisame do perfil da narís dá o resultado seguinte:

Conveiso.	24
Recto.	24
Cóncavo.	34
Total.	82

Cousa rara. Predomina a forma cóncava que non parece ser a máis corrente en Galiza. Dende logo case que todas son leptorrinas salvo un ou dous casos de mesorrinia, aos que se non debe prestar atención.

BOCA

Chamáronnos a atención pol-a súa forma grande da boca, frecuente nos portugueses, 17 individuos, non atopando no resto difrenza visible co tipo corrente na Hespaña.

A feitura dos beizos tampouco ofrecéu intrínseco especial, salvo catro casos notables

pol-a forma grossa que presentaban, característica tamén moi propia dos lusitanos.

MENTÓN

As razas primitivas presentan unha pronunciada diminución da barbilla, indo esta aumentando o seu desenvolvemento conforme se ascende na escala racial e aparecendo xa notablemente desenvolto nas razas de tipo máis armónico, como é a nórdica.

Dos 82 casos atopei 1º que presentaban un forte desenvolvemento mentoniano e o resto un tipo corrente entre nós.

SISTEMA PILOSO

Haddon concede unha grande importancia á forma do pelo tendo creado unha crasificación do xénero humano, baseada n-este detalle, e que ao noso xuízo é unha das máis lóxicas que se teñen feito.

Con relación á feitura do cabelo, as nosas observacións fornecen as cifras seguintes:

De pelo liso.	50
De pelo ondeado.	32
Total.	82

Obsérvese a falla absoluta de cabelos ulótricos ou individuos co pelo crecho, peculiar da raza negra.

Tamén a maior ou menor abondosidade do cabelo constituíe un dato interesante.

Observei en 13 casos un notable desenvolvemento e fortaleza do sistema piloso e un enfebequecemento do mesmo n-outros 6 casos.

ASPECTO XERAL

Cofecida é a robusteza do galego e esta regra non atopa certamente a súa excepción entre os habitantes do Ribeiro de Avia, como se pode ver nas cifras que citamos á continuación.

Non negamos que unha cousa é a aparencia e outra a realidade, máis dende logo non colle dúbida que as probabilidades de se trabucar n-este respecto son ben escasas.

As cifras son as seguintes:

Tipos fortes.	35
Tipos meios.	34
Tipos febles.	13
Total.	82

XESTO

Velaquí un detalle que se ten deixado no máis lamentable dos abandonos e que á pesares de elo sirven moitas veces pra distinguir a primeira ollada, as persoas pertencentes á distintos grupos humanos.

Ninguén poderá negar a diferenza existente entre o xesto mol de un galego ou de un portugués e o xesto enérxico de un aragonés ou de un habitante do litoral do Mediterráneo.

Asimesmo existe diferenza entre a expresión, xeralmente infantil, de un nórdico e a dura de un bereber, que tan ben caracteriza á estes poboadores do Norde de África.

O natural de Galicia posúe un xesto mol e tristeiro, mistura de intelixencia e timidez que é acaso o que máis fondamente o distingue dos demais hespañoles.

¿Á qué clás de influencias é debido iste fenómeno? Inorámolo, anque cecáis algún día intentemos analizar as súas causas posibles.

E ao espôr agora o porcentaxe dos xeitos de expresión tal e como nós o encontramos, faremos notar que é o Ribeiro de Avia un dos sitios da Galiza onde observamos maior cantidade de expresións enérxicas.

As cifras son como sigue:

Xesto enérxico	28
Xesto corrente.	19
Xesto mol.	35
Total.	82

Co esposto remata eiquí a enumeración dos datos recollidos encol das características dos habitantes da terra da Avia.

Imos ver agora as resultanzas da súa comparación cos caracteres coñecidos da restante poboación galega.

III

No occidente da Península ibérica, se nos atemos aos achádegos feitos deica á data presente, parece estar poboada por razas de tipo pouco evoluzado (capsenses ou descendentes dos capsenses). Ista característica pode facerse estensible á outros varios países do extremo oeste da Europa, tales como Bretaña e Irlanda, prolongándose en todas as rexións citadas como un fondo sobor do cal actuaron os influxos posteriores.

En Portugal, os restos dos kjokkemoedings de Mugem teñen sido calificados impropriamente de négroides por diversos antropólogos, sen considerar que moitos dos caracteres que se lle apoñen á raza negra son propios de todos os pobos primitivos que máis adecuadamente deberían comprenderse baixo a denominanza de «paleantropicos».

Os homes de Mugem pertencen ao chamado período mesolítico e o groseiro e pouco evoluzado das súas características chamou dende logo a atención de moitos sabios investigadores.

N-iste primitivo pobo tense pretendido distinguir dous tipos, atribuindo un de iles á contactos neanderthaloides e o outro á unha emigración mogol.

O primeiro presenta un cráneo dolicocefalo, con fortes arcadas superciliares prognatismo acentuado e talla pequena.

O segundo, cúa diferenza co anterior foi eisaxerada por algún, asinándolle unha ascendencia mongoloide, pol-a súa maior anchura cefálica, parece coincidir, fora de iste detalle, cos demais caracteres do tipo anterior.

Non pretendemos discutir agora os orixens de ista raza estrana. Solo queremos faguer resaltar o seu retraso evolutivo con respecto á homes da mesma época e aínda ben anteriores.

Ista característica obsérvase tamén en achádegos posteriores de Portugal i é así mesmo propia dos restos de Conguel e de Toul-Bras, na Bretaña, e de un cráneo da illa de Arran, na Irlanda, cúa conformación tan ben nos describe Sergi na súa recente obra «La piu antica umanità vivente», descriptión arriestrada por un grabado.

Na actualidade istos caracteres arcaicos parecen traslucirse na poboación actual.

Zaborowski atribuíe xa á portugueses e galegos un tipo máis pesado e basto e un carácter máis plácido que ao resto das xentes peninsulares, atopándolles semellanzas coa poboación do macizo central francés e cos bereberes mauritanos.

¿Mais existen diferenzas entre os galegos e os miñotos por unha banda e o resto dos lusitanos pol-a outra?

Ao parecer, sobór do primitivo tipo étnico común aos dous grupos, actuaron influxos distintos que determinaron no primeiro unha maior anchura do cráneo e unha meirande abondosidade de pigmentacións craras nos ollos, na pel e no cabelo, ao mesmo tempo que os cabelos rizados tan comúns á poboación portuguesa amingúan de xeito notable.

¿Á qué poden seren atribuídas semellantes diferenzas? É iste un asunto de resolución pouco doada. Pódese pensar nos celtas hestóricos, mais iste pobo téñ unhas características antropolóxicas híbridas e pouco craras e moitos indicios fan supór que se trataba de xentes que non ofrecían ningunha pureza racial, circunstancia que debía repetirse asimesmo nos suevos que irrumpiron en Galiza, podéndose tan soio coidar con seguridade que entre celtas e suevos viñan loiros de tipo nórdico e braquicéfalos de tipo alpino e hiperbóreo.

Non é de crér que romanos e normandos teñan deixado grandes recordos raciaes, debido ao sistema de colonización dos primeiros e ás irrupcións rápidas dos segundos, verificadas soio cos fins do roubo e do saqueo.

Istas misturas e superposicións crearon así e todo un tipo que se dexerga nido na

Galiza e no Miño portugués; mais, ¿concordan cos caracteres xeraes de tal tipo os que nós observamos no Ribeiro de Avia?

Temos que confesar que as concordanzas non son eisesivas, aínda tendo en conta que a provincia de Ourense, por influxos de Zamora e de Tras-os-Montes, apártase algo do resto da Galiza.

As características máis correntes que se tiran do eisame feito por nós sobre oitenta e dous suxectos, son as seguintes:

Cráneo alongado e outo, cara longa, narís leptorrina e de perfil cóncavo, ollos correntes na chamada raza occidental, e con escasas reminiscenzas eisóticas, predomiño das bocas grandes, perfis con tendencia ao prognatismo, pel branca, cabelos castaños, escuros, de forma lisa, iris tamén escuro, sistema piloso ben desenvolvido, aspecto máis ben forte e xesto mol. As cifras de estatura consultadas dan unha meia inferior á meia europea en case dous centímetros.

Vese pol-o tanto que, á pesares de algunhas analoxías, acúsanse diferenzas serias que deixan postular a existencia de un islote étnico, de tipo algo distinto e predominante na rexión galega.

As pigmentacións do cabelo e do iris fan pensar na case inexistenza de loiros, e a acusada preponderanza de cráneos outos e longos unidos á caras leptoprosopas, lembrannos involuntariamente certos individuos de raza mediterránea, dos que se separan pol-a xeral lisura dos cabelos.

O máis probable é que nos achemos en presenza de unha rama de tipo ocidental, cuos rasgos físicos son os que parecen predominar en todo o conxunto.

Imprenta NÓS, Santiago





A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseco dos nenos emplee o "Jabón Sales de la Toja", único que ás svas altas calidades n'eiñós xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.



**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO



O Xabón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

1000

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECEMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO